




Francés segunda lingua estranxeira

Francés


3º e 4º ESO



Discours de la méthode
René Descartes



O francés é falado por uns 300 millóns de francófonos en todos os continentes e unha das linguas internacionalmente máis utilizadas. Asemade, é a expresión cultural da civilización francesa que posúe unha gran riqueza no ámbito literario, histórico, filosófico, artístico e político. O seu coñecemento asegura o acceso a un inestimable patrimonio cultural.



Liberté • Égalité • Fraternité








Metodoloxía

A materia de francés segunda lingua estranxeira ten un enfoque principalmente comunicativo. Traballaranse as catro destrezas básicas da lingua:

- ler
- escoitar
- falar
- escribir

Porén, non se pode descoidar a aprendizaxe sistemática do léxico e da estrutura da lingua, xa que son instrumentais para acadar a competencia lingüística.

Reforzaranse os contidos con xogos, cancións e algunhas películas.



Obxectivos

- Chegar ao final do 4º curso da ESO a un nivel de competencia A 2
- Preparar ao alumnado interesado en obter a certificación correspondente no eido da cooperación existente entre a Alianza Francesa e o sistema educativo da Xunta de Galicia.
- O alcance do nivel A2 facilitaría ao alumnado interesado a continuación do estudo do francés na etapa de bacharelato abrindo tamén as portas a unha eventual experiencia Erasmus nun país francófono.



Intercambio

De ter un número mínimo de participantes, considerarase a organización dun intercambio cunha escola francesa do mesmo grado, o que representaría unha experiencia clave para afianzar os coñecementos adquiridos e soltarse a falar a través da interacción con alumnas e alumnos franceses da mesma idade e grazas a unha breve inmersión lingüística e cultural. Dito intercambio sería voluntario.

